

ORDENANZA FISCAL NÚM. 5 : REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 1.¹

1. De conformidade co establecido no art. 59.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Imposto sobre bens inmobles e un tributo de imposición obrigatoria que se esixirá de acordo coas disposicións do citado Texto refundido, contidas especialmente entre os arts. 60 e 77.

2. Segundo o disposto no núm. 3 do art. 72, o Concello das Somozas procede a incrementar os tipos de gravame fixados con carácter xeral no apartado anterior de dito precepto, deixándoos establecidos nas cuantías que se determinan no artigo seguinte de esta Ordenanza dictada ao amparo do disposto no art. 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Artigo 2.²

1.- O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles, aplicable aos bens de natureza **rústica** quedará fixado no **0,55 %**

2.- O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles, aplicable aos bens de natureza **urbana** quedará fixado no **0,52 %**

3.- O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles, aplicable aos bens de características especiais, definidos estos no artigo 2.7 da Lei 48/2002, de 23 de decembro, Lei do Catastro Inmobiliario, e sitios no termo municipal das Somozas, quedan fixados no **1,3 %**.

Artigo 3^o

1. En virtude do artigo 63.4 da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese unha exención por cuantía mínima que se aplicará do seguinte xeito:

a) Quedarán exentos os bens inmobles de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior ou igual a 2,50 euros.

b) Quedarán exentos os bens inmobles de natureza rústica que teñan unha cota líquida inferior ou igual a 2 euros.

2. No non expresamente previsto na presente ordenanza, rexerán os preceptos contidos na subsección 2^a, da sección 3^a do capítulo II, do título II da referida lei 39/1988,

¹ modificado por acordo plenario do 25.09.09, de aplicación a partir do 01.01.2010

² idem

concordantes e complementarios desta, e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación na súa redacción definitiva, en sesión celebrada o vinte e catro de xuño de mil novecentos oitenta e nove, entra en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa